

## ACTA DA MESA DE CONTRATACIÓN

**ASUNTO: RECUPERACIÓN, CONSERVACIÓN E RESTAURACIÓN DOS ELEMENTOS ARQUITECTÓNICOS PRIMITIVOS E ORIXINAIS NO PARQUE DE ROSALÍA DE CASTRO” INCLUIDAS NO PROXECTO “PROTECCIÓN, CONSERVACIÓN, RECUPERACIÓN E RESTAURACIÓN INTEGRAL DO PARQUE HISTÓRICO ROSALÍA DE CASTRO. FONDO ESTATAL PARA O EMPREGO E A SOSTENIBILIDADE LOCAL.**

Sendo as 13:30 horas do día 4 de xuño de 2010, no Salón de Comisións do Centro de Servizos Municipais (sito na Ronda da Muralla 197), constitúese a Mesa de Contratación, presidida pola Ilma. Sra Tenenta de Alcalde e Concelleira delegada da Área de Economía e Emprego, dona Sonia Méndez García e actuando como vocais:

- Don José Fernando Piñeiro Díaz, polo Grupo Municipal Socialista.
- Don Xosé Anxo Lage Suárez, polo Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego.
- Dona Cristina Ares Castro-Conde, polo grupo Municipal do Partido Popular.
- Don Marcial Rodríguez Toajas, Interventor Xeral Municipal.
- Dona Ana Isabel Sáez Mancebo, Titular da Asesoría Xurídica do Concello.
- Don Manuel Louzao Aldariz, Xefe do Servizo de Contratación, Patrimonio e Fomento do Concello, actuando como Secretario.

Abre a sesión a Sra. Presidenta e procédese por parte do Sr. Secretario a dar conta do informe emitido por parte de don Manuel Regueiro Sánchez, Xefe dos Servizos Técnicos de Parques e Xardíns, referente á verificación da solvencia das empresas (persoal adscrito á execución do contrato), das empresas ás que se lles outorgara un prazo de 3 días para subsanar a documentación. A tal efecto, conclúese que das tres empresas que se lles concedera dito prazo, dúas delas, TRYCSA e CONSTRUCCIONES A. VARELA VILLAMOR, S.L., procederon de xeito correcto a dita subsanación, non o facendo a UTE XESTIÓN AMBIENTAL DE CONTRATATAS e POZANCA, S.L.

A tal efecto, os integrantes da Mesa de Contratación acordan excluír á UTE XESTIÓN AMBIENTAL DE CONTRATATAS e POZANCA, S.L., e proceder á apertura dos sobres B das restantes empresas presentadas, as cales, en principio cumpren co disposto nos pregos e presentan a Memoria Técnica correctamente.

**CONTRATACIÓN, PATRIMONIO E FOMENTO.**

MLA/jlgn

Ref#: ACTA MEMORIA TECNICA ELEMENTOS PRIMITIVOS.doc

Asunto:

En consecuencia a Mesa acorda a remisión da documentación incluída no sobre B ó Xefe do Servizo Técnico de Parques e Xardíns, para a emisión de informe de valoración.

Sen mais que manifestar, conclúese co asunto de referencia ás 13.45 horas no lugar sinalado no encabezamento.

A PRESIDENTA

O SECRETARIO

Asdo: Sonia Méndez García

Asdo: Manuel Louzao Aldariz